

**Convenio colectivo da empresa Técnicas Medioambientales TECMED, S.A. –  
Marín**  
(Anos 2002-2005)

**CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

**Artigo 1.- Ámbito funcional.**

Este Convenio regulará as relacións laborais entre a empresa Técnicas Medioambientales TECMED, S.A. e os traballadores e traballadoras no centro de traballo de recollida pública de lixo de Marín.

**Artigo 2.- Ámbito temporal.**

Este Convenio entrará en vigor o día do seu asinamento; non obstante, con independencia da data en que saia publicado no BOP, os efectos económicos indicados nas táboas salariais (Anexo I) terán vixencia desde o 1 de xaneiro de 2002.

A duración do Convenio páctase por catro anos, e estenderase ata o 31 de decembro de 2005.

**Artigo 3.- Ámbito territorial.**

Este Convenio colectivo subscribirase para o municipio de Marín, no cal a empresa realiza por concesión administrativa do Excmo. Concello de Marín a recollida pública de lixo na indicada localidade.

**Artigo 4.- Ámbito persoal.**

Afecta a todos os traballadores e traballadoras que actualmente están empregados pola empresa Tecmed no centro de traballo de Marín, así como a aqueles que o sexan nun futuro.

**Artigo 5.- Denuncia.**

Conforme co disposto no artigo 86.2 do Estatuto dos Traballadores, este Convenio prorrogarase por períodos anuais se non mediase denuncia expresa de calquera das partes, que deberá ser formulada con, polo menos, un mes de antelación á data en que remata o período de vixencia pactado.

**Artigo 6.- Subrogación.**

Ao remate da concesión da contrata, xa sexa por vencemento do prazo ou por resolución anticipada, os traballadores desta pasarán á nova empresa adxudicataria ou ao Concello, se é o caso, respectándolles todos os seus dereitos e obrigas, de conformidade cos artigos 44 do Estatuto dos Traballadores e 49 e seguintes do Convenio Xeral do Sector.

**Artigo 7.- Condicións máis beneficiosas.**

Serán respectadas na súa integridade aquelas situacións individuais ou colectivas que, con carácter global e en cómputo anual, excedan do conxunto de melloras contidas neste Convenio.

#### **Artigo 8.- Compensación e absorción.**

As retribucións e demais condicións establecidas neste Convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor calquera que sexa a natureza e orixe destas, mesmo a xudicial.

Os aumentos de retribucións e mellora de condicións laborais que se poidan producir nun futuro por disposicións legais de calquera orde ou contratos individuais, só poderán afectar ás condicións pactadas neste Convenio cando, comparadas coa globalidade e cómputo anual do convenio, resulten superiores a este. En caso contrario, serán compensadas e absorbidas por estas últimas, manténdose este Convenio nos seus propios termos, na forma e condicións que queden pactadas.

#### **Artigo 9.- Comisión Mixta Paritaria.**

Créase unha Comisión Mixta Paritaria de vixilancia na aplicación e interpretación do Convenio, integrada por un representante da empres e outro representante da parte social. Ambas as partes conveñen que calquera dúbida ou diverxencia que poida xurdir como consecuencia da interpretación deste convenio será sometida a informe ou decisión da Comisión Paritaria antes de emprender reclamación ante a autoridade laboral competente ou da adopción de medidas legais de presión.

- Interpretación de todas e cada unha das cláusulas deste Convenio.
- Vixilancia e cumprimento do pactado.
- Todas aquelas actividades que tendan á eficacia práctica do convenio e a unha maior solución interna dos posibles conflitos.
- As reunións da Comisión non se descontarán do crédito de horas sindicais calquera que fose a parte que convoque a reunión.

#### **Artigo 10.- Festividade Patronal.**

A celebración da festividade de San Martiño de Porres terá carácter de festivo e non recuperable para todos os efectos. No caso de coincidir con domingo ou festivo trasladarase ao venres anterior ou posterior.

### **CAPÍTULO II.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.**

#### **Artigo 11.- Retribucións salariais.**

A estrutura do salario está constituída polos seguintes conceptos:

- Salario base
- Plus tóxico-penoso perigoso
- Plus de nocturnidade
- Plus de actividade
- Plus de produtividade

## **Artigo 12. Pagamento de salarios.**

O pagamento da nómina mensual efectuarase non máis tarde do día tres do mes seguinte.

## **Artigo 13.- Salario base.**

É o establecido na táboa salarial anexa para cada categoría.

## **Artigo 14.- Plus tóxico-penoso-perigoso.**

Percibirase na contía e para cada categoría e posto que establece a táboa salarial anexa. Este plus aboarase por día efectivamente traballado.

## **Artigo 15.- Plus de nocturnidade.**

Este plus serán do 25% do salario base segundo as táboas salariais anexas. Percibirano todos aqueles traballadores e traballadoras, por día efectivo de traballo, que presten os seus servicios entre as vinteúnha horas e as seis da mañá, salvo que o salario se establecese atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza.

Considerarase que se devenga o devandito plus cando se traballe polo menos a metade da xornada neste horario.

## **Artigo 16.- Plus de actividade.**

Todo o persoal afectado por este Convenio percibirá un plus de actividade que se aboará por día efectivamente traballado e a contía do cal vén determinado nas táboas salariais anexas.

## **Artigo 17.- Plus de produtividade.**

Percibirano, na contía sinalada nas táboas salariais e por día efectivo de traballo, os conductores e peóns que realizan o traballo de recollida de residuos sólidos urbanos en razón dunha maior cantidade e calidade no traballo.

## **Artigo 18.- Plus de transporte.**

Establécese un plus de transporte de carácter extrasalarial por día efectivo de traballo e polo importe sinalado nas táboas salariais anexas, que ten como obxectivo compensar os gastos de desprazamento ao centro de traballo que teñen que realizar os traballadores e traballadoras suxeitos ao ámbito deste Convenio.

## **Artigo 19.- Pagas extraordinarias.**

Os traballadores percibirán tres pagas extraordinarias ao ano, denominadas Verán, Nadal e Marzo, nas contías respectivas que se establecen nas táboas salariais. As dúas primeiras devengarase semestralmente. A do Verán do 1 de xaneiro ao 30 de xuño e a do Nadal do 1 de xullo ao 31 de decembro. Aboaranse entre o día 15 e o 20 dos meses de xullo e decembro, respectivamente.

A paga de marzo devengarase desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro, prorateándose mes a mes durante todo o ano.

## **Artigo 20.- Festivos.**

Durante o ano 2003 o traballo en festivos aboarase a razón de 70,54 € Para os demais anos de vixencia do Convenio, a contía incrementarase conforme ao IPC real do ano anterior.

#### **Artigo 21.- Incremento salarial.**

Establécese un incremento salarial para o ano 2002 do 2,7% das contías correspondentes ao ano 2001. O incremento acordado para o ano 2003 será o resultante de incrementar un 4% aos conceptos económicos reflectidos na táboa salarial do 2002.

No ano 2004 o incremento salarial previsto é o IPC real do ano anterior, traspasando o 50% do plus de produtividade ao salario base. A contía a traspasar polo devandito 50% será o resultado de incrementar a contía do plus de produtividade do ano anterior conforme ao incremento pactado ese ano (IPC real do ano anterior) e aplicarlle o 50%. O resultado obtido dividirase entre 335 para posteriormente multiplicalo por 263. A cantidade resultante será a que finalmente se engada ao salario base.

O incremento acordado para o ano 2005 será o resultante de aplicar o IPC real do ano anterior máis un 0,5%, traspasando a contía restante do plus de produtividade ao salario base da forma detallada no parágrafo anterior.

### **CAPÍTULO III.- CONDICIÓN DE TRABALLO.**

#### **Artigo 22.- Xornada de traballo.**

A xornada laboral será de 40 horas semanais, distribuídas da forma que se vén facendo habitualmente.

#### **Artigo 23.- Vacacións.**

As vacacións serán de 30 días naturais, retribuíndose conforme á contía sinalada nas táboas salariais.

As vacacións non poderán ser compensadas en metálico, agás nos casos de liquidación por remate do contrato ou despedimento.

A Empresa, previa consulta cos representantes dos traballadores, confeccionará un cadro de vacacións con tres meses de antelación mínima ao comezo do seu desfrute que será exposto no taboleiro de anuncios e da que se lle entregará unha copia asinada e selada aos representantes dos traballadores.

Disfrutaranse por ano natural de servizos. No caso de que un traballador ou traballadora sexa empregado no transcurso do ano ou causa baixa na empresa, disfrutará do período de vacacións que corresponda ao tempo de vinculación coa empresa.

Os traballadores e traballadoras poderán cambiar a quenda de vacacións, total ou parcialmente, con outro compañeiro ou compañeira da mesma categoría profesional e quenda de traballo, previa comunicación e posterior autorización da Empresa.

No caso de que as licencias previstas no artigo seguinte por morte ou nacemento e, así mesmo, por IT derivada de accidente, o período de vacacións interromperase durante os días que duren as licencias ou, no seu caso, a baixa por IT, pactando a empresa e o traballador a data de disfrute deses días.

#### **Artigo 24.- Permisos e licencias.**

O persoal afectado por este Convenio terá dereito, sempre que concorran os requisitos legalmente establecidos, a disfrutar dos seguintes permisos e licencias:

**Permisos.-** A empresa poderá concederlle ao persoal que o solicite e por causas xustificadas ata quince días de permiso ao ano, sen soldo e sempre que as necesidades do servizo o permitan. Os permisos deberán ser solicitados cunha antelación mínima de quince días á data do seu disfrute, agás casos de urxente necesidade.

**Licencias.-** O persoal terá dereito, sempre que se cumpran os requisitos esixidos pola lei, aos días de licenzia retribuída na forma e condicións que a seguir se indican. Ademais, como norma xeral todas as licencias comezarán en día laborable:

1. Por matrimonio do traballador ou traballadora: vinte días naturais.
2. Matrimonio de fillos: dous días se é na provincia e tres se é fóra dela.
3. Por nacemento de fillos ou adopción: tres días.
4. Falecemento, accidente, enfermidade grave ou hospitalización de cónxuxe, pai ou fillos: catro días.
5. Falecemento, accidente, enfermidade grave ou hospitalización de avós, irmáns ou netos: tres días.
6. Falecemento de sogros, noras ou xenros: dous días.
7. Por traslado de domicilio habitual: dous días.
8. Por renovación do carné de conducir das clases C, D e E de todo o persoal que o requira para a realización do seu traballo na empresa: polo tempo que lle sexa necesario para efectuar recoñecementos psicotécnicos ou exames.
9. A empresa, previa petición dos traballadores ou traballadoras que realicen estudos para a obtención dun título profesional e posterior xustificación, concederá as oportunas licencias para asistir aos exames.
10. Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.
11. Todo traballador ou traballadora que unha vez iniciada a súa xornada de traballo e que no transcurso desta se sentise enfermo ou recibise notificación de accidente ou enfermidade grave dalgún familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade e tivese que abandonar o seu posto de traballo, con posterior xustificación médica, percibirá o importe total da devandita xornada. Nestes casos, a licenzia comezará a contar a partir do día seguinte.
12. Se por motivos de hospitalización de familiares, debido a doenza grave ou por necesidade de operación, se establecesen quendas de asistencia no hospital a fin de atender o enfermo, o traballador podería comezar a súa licenzia en data posterior ao feito causante.
13. A referencia que nos apartados anteriores se fai ao cónxuxe entenderase feito, así mesmo, ao compañeiro ou compañeira que, de forma estable e en situación de feito asimilable ao matrimonio, conviva co traballador ou traballadora, previa certificación de convivencia que acredite a dita situación.
14. A partir do ano 2004 os traballadores e traballadoras terán dereito a un día de asuntos propios, previa autorización da empresa e respectándose sempre as necesidades do servizo. Este día deberá disfrutarse necesariamente dentro de cada ano natural e non poderá acumularse ás vacacións naturais.

## **Artigo 25.- Roupa de traballo.**

A roupa de traballo será de uso obrigatorio para todo o persoal. A empresa facilitará cada ano as seguintes roupas, que serán homologadas tal e como indica a lexislación vixente:

### **Condutores/as e peóns:**

- Inverno:

- Dous pantalóns.
- Dúas camisas.
- Un par de calzado.
- Un anorac.
- Un traxe de auga.
- Unha cazadora.
- Unha gorra.
- Un xersei.
- Dous pares de calcetíns.
- Un par de botas de auga.
- Un chaleco reflectante.
- Ademais, para os peóns, un par de luvas.

- Verán:

- Dous pantalóns.
- Dúas camisas.
- Un par de calzado.
- Unha cazadora.
- Dous pares de calcetíns.

A indumentaria do inverno será entregada na segunda quincena do mes de setembro e a do verán na primeira quincena do mes de maio.

Ao causar baixa definitiva na empresa, o traballador estará obrigado a devolver a totalidade da roupa de traballo.

#### **Artigo 26.- Póliza de accidentes.**

A empresa subscribirá unha póliza de accidentes que garanta as seguintes indemnizacións:

- No caso de falecemento por accidente laboral ou enfermidade profesional: 19.050 €
- No caso de incapacidade permanente total para o profesión habitual, derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional: 18.050 €
- No caso de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez, derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional: 21.000 €

A devandita póliza entrará en vigor dentro dos trinta días seguintes ao asinamento do Convenio.

#### **Artigo 27.- Incapacidade temporal.**

Nos supostos de IT derivada de accidente laboral, a empresa complementará ata o 100% do salario mensual, agás o plus de transporte, desde o primeiro día da baixa e mentres dure esta.

Do mesmo xeito, complementarase ata o 100% nos casos de hospitalización, mentres dure esta, e durante o período de convalecencia ata un máximo de dez anos.

Nos supostos de IT derivada de enfermidade común, a empresa complementará ata o 75% do salario mensual, agás o plus de transporte, desde o cuarto ata o décimo quinto día e ata o 100% a partir do décimo sexto día. Este complemento terá lugar unicamente nas dúas primeiras baixas.

Igual criterio se seguirá con respecto ao aboamento das pagas extraordinarias.

### **Artigo 28.- Retirada do carné de conducir.**

No suposto de que a unha conductor ou conductora, realizando o seu cometido cun vehículo propiedade da empresa e cumprindo as funcións que lle foron encomendadas, lle fose retirado o permiso de conducir, a empresa situarao a outro posto de traballo, sempre que a sanción non se deba a imprudencia temeraria constitutiva de delicto ou a embriaguez do propio conductor, respectándolle durante o tempo de retirada do carné os emolumentos de conductor.

## **CAPÍTULO IV.- SEGURIDADE E HIXIENE.**

### **Artigo 29.- Seguridade e hixiene.**

Dada a importancia que recoñecen os asinantes á prevención de accidentes, inclúese este capítulo dedicado á seguridade e hixiene no traballo. Ambas as partes consideran de obrigada aplicación a lexislación sobre seguridade e hixiene e para tal efecto constituirase un Comité de Seguridade e Saúde para velar polo cumprimento das medidas legais e regulamentarias, así como para a posta en práctica do estipulado na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

### **Artigo 30.- Medidas de seguridade e hixiene.**

A dirección da empresa adoptará as medidas de Seguridade e Hixiene pertinentes, como consecuencia do control do lugar de traballo e das instalacións e instrumentos que pon ao dispor dos traballadores e traballadoras. As medidas de prevención afectarán igualmente aos traballadores e traballadoras, obrigándose a traballar con seguridade e a coidar que os locais e instrumentos de traballo estean en perfectas condicións, debendo poñer en coñecemento do Comité de Seguridade e Saúde, ou no seu defecto dos representantes dos traballadores, todas as anomalías que se detecten para que se adopten as medidas oportunas.

### **Artigo 31.- Comité de Seguridade e Saúde.**

As funcións do Comité de Seguridade e Saúde serán as seguintes:

- Promover a observación das disposicións vixentes para a prevención de riscos laborais.
- Fomentar a colaboración de todo o persoal en prácticas e observancia das medidas preventivas, estimular a ensinanza, propaganda de Seguridade e Hixiene no traballo, fundamentalmente entre os representantes dos traballadores e traballadoras.

A empresa facilitará os medios de propaganda necesarios a fin de que todo o persoal estea ao día das recomendacións, obrigas e prácticas en materia de Seguridade e Hixiene.

## **CAPÍTULO V.- MELLORAS SOCIAIS.**

### **Artigo 33.- Axuda escolar.**

Co fin de compensar os gastos de matriculación escolar, libros, etc., establécese un Fondo Social a repartir entre os traballadores e traballadoras que o xustifican, cunhas contías que son as seguintes:

- **Ano 2003:** 1.051,77 €
- **Ano 2004:** 1.081,22 €
- **Ano 2005:** 1.111,87 €

Unha vez xustificado o gasto polo traballador ou traballadora, o importe establecido a este aboarase no mes de outubro.

#### **Artigo 34.- Excedencias.**

Considerarase excedencia forzosa, e polo tanto obrigatoria a súa concesión, o nomeamento dun traballador ou traballadora para desempeñar un cargo de carácter público. O tempo que dure esta excedencia contarase para a antigüidade para todos os efectos.

Todo traballador ou traballadora con 1 ano de antigüidade na empresa poderá solicitar unha excedencia voluntaria por un prazo superior a seis meses e inferior a cinco anos, de acordo co establecido no artigo 46 do Estatuto dos Traballadores, agás no referente ao prazo mínimo.

#### **Artigo 35.- Recoñecemento médico.**

Anualmente, realizarase un recoñecemento médico para todo o persoal. O resultado do devandito recoñecemento entregaráse a cada traballador.

#### **Artigo 36.- Vacantes provisionais.**

No caso de que por necesidades do servizo sexa necesario cubrir un posto de traballo de superior categoría, terán preferencia os traballadores que nese momento presten os seus servizos na empresa, sempre e cando reúnan as suficientes condicións físicas e técnicas.

### **CAPÍTULO VI.- OUTRAS CONDICIÓNS.**

#### **Artigo 37.- Normas subsidiarias de aplicación.**

En todo o non previsto neste Convenio, estarase conforme ao disposto no Convenio Xeral de Limpeza Pública Viaria, Regos, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos e Limpeza e Conservación de Sumidoiros, publicado no BOE do 7 de marzo de 1996 e demais disposicións legais que o desenvolvan e complementen.

---

**Táboa salarial de 2002**

Categoría	Salario base	Plus tóxico	Plus nocturnidade	Plus transporte	Plus actividade	Plus produtividade	Vacacións	Paga Verán	Paga Nadal	Paga Marzo
Conductor Noite	13,16	2,63	3,29	3,59	7,27	6,17	791,82	791,82	791,82	395,91
Conductor Día	13,16	2,63		3,59	7,27	6,17	791,82	791,82	791,82	395,91
Peón Noite	12,29	2,46	3,07	3,59	5,22	5,25	731,22	731,22	731,22	365,61
Peón Día	12,29	2,46		3,59	5,22	5,25	731,22	731,22	731,22	365,61

**Táboa salarial de 2003**

Categoría	Salario base	Plus tóxico	Plus nocturnidade	Plus transporte	Plus actividade	Plus produtividade	Vacacións	Paga Verán	Paga Nadal	Paga Marzo
Conductor Noite	13,68	2,74	3,42	3,74	7,56	6,42	823,49	823,49	823,49	411,74
Conductor Día	13,68	2,74		3,74	7,56	6,42	823,49	823,49	823,49	411,74
Peón Noite	12,78	2,56	3,20	3,74	5,43	5,46	760,47	760,47	760,47	380,24
Peón Día	12,78	2,56		3,74	5,43	5,46	760,47	760,47	760,47	380,24

**Táboa salarial de 2004**

Categoría	Salario base	Plus tóxico	Plus nocturnidade	Plus transporte	Plus actividade	Plus produtividade	Vacacións	Paga Verán	Paga Nadal	Paga Marzo
Conductor Noite	16,53	3,31	4,13	3,81	7,71	3,27	839,96	839,96	839,96	419,98
Conductor Día	16,53	3,31		3,81	7,71	3,27	839,96	839,96	839,96	419,98
Peón Noite	15,23	3,05	3,81	3,81	5,53	2,78	775,68	775,68	775,68	387,84
Peón Día	15,23	3,05		3,81	5,53	2,78	775,68	775,68	775,68	387,84

**Táboa salarial de 2005**

Categoría	Salario base	Plus tóxico	Plus nocturnidade	Plus transporte	Plus actividade	Plus produtividade	Vacacións	Paga Verán	Paga Nadal	Paga Marzo
Conductor Noite	19,57	3,91	4,89	3,91	7,91	0,00	860,96	860,96	860,96	430,48
Conductor Día	19,57	3,91		3,91	7,91	0,00	860,96	860,96	860,96	430,48
Peón Noite	17,85	3,57	4,46	3,91	5,67	0,00	795,07	795,07	795,07	397,54
Peón Día	17,85	3,57		3,91	5,67	0,00	795,07	795,07	795,07	397,54